



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



XUNTA DE GALICIA  
PRESIDENCIA  
Secretaría Xeral para o Deporte

# FÚTBOL GAÉLICO

Proposta didáctica para a súa integración na Educación Secundaria





## ÍNDICE

ÍNDICE.....	2
PRESENTACIÓN.....	3
A EDUCACIÓN FÍSICA NO CURRÍCULO DA EDUCACIÓN SECUNDARIA.....	5
O FÚTBOL GAÉLICO NO CURRÍCULO DA EDUCACIÓN SECUNDARIA.....	8
QUE É O FÚTBOL GAÉLICO?.....	10
METODOLOXÍA.....	19
ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	20
POSIBILIDADES DE INTERDISCIPLINARIEDADE.....	21
CONCRECIÓN CURRICULAR.....	22
SESIÓNS.....	25
AVALIACIÓN.....	33



# PRESENTACIÓN

**Estimado/a profesor/a;**

A presente **unidade didáctica** foi elaborada para implementar o **fútbol gaélico na área de Educación Física no segundo curso de Educación Secundaria Obrigatoria**.

Este documento foi deseñado e supervisado por un equipo de profesionais a partir da proposta do docente e especialista deportivo **Juan Luis Fernández Pérez**.

A intención deste traballo é a de achegar unha modalidade deportiva aínda moi descoñecida, o fútbol gaélico, aos centros escolares, partindo da perspectiva da iniciación deportiva e coa finalidade última de compartir esta experiencia con compañeiros doutros centros escolares. Nesta unidade didáctica os **contidos curriculares** favorecen o desenvolvemento e a adquisición das **competencias clave** propostas para esta etapa educativa.

Esta iniciativa xorde da **Secretaría Xeral para o Deporte**, a través do **servizo de deportes** en Pontevedra en colaboración coa **Consellería de Educación e Ordenación Universitaria**, que por medio do **Centro de Formación do Profesorado de Pontevedra** (asesoría do eido artístico-deportivo) permiten o desenvolvemento de cursos formativos dirixidos aos docentes para o desenvolvemento curricular da área de Educación Física desde propostas.

Cando se fan dez anos da introdución deste deporte en Galicia, a nosa proposta ten como obxectivo a difusión e o coñecemento do Fútbol Gaélico entre a mocidade, coa finalidade de aumentar o número de practicantes e garantir o futuro desta modalidade deportiva.

Sendo un deporte tradicional e moi identitario en Irlanda, nas últimas décadas experimentou un notable desenvolvemento fóra deste país, nomeadamente en Galicia, onde se conta con dúas asociacións que promoven as súas propias competicións. Con todo, o Gaélico Galego está aínda na súa primeira etapa de desenvolvemento, sendo precisa unha sólida base e unha maior implantación no noso país para alcanzar a madurez.



Das necesidades que o Gaélico en Galicia presenta na actualidade, unha das máis urxentes é a de desenvolver as categorías de base que permitan a continuidade deste deporte, así como aumentar a súa masa de participantes en Galicia. Na actualidade, o gaélico galego caracterízase por ter xogadores formados noutros deportes que presentan unha idade de iniciación moito máis elevada que outras disciplinas. Isto implica tamén unha maior urxencia para que se produza a remuda xeracional que as primeiras xeracións de gaélicos de Galicia van precisar a curto prazo.

Centrándonos no propio xogo, o fútbol gaélico revélase como un elemento educativo de grande interese, tanto no desenvolvemento de obxectivos propios da área de Educación Física na ESO como das competencias propostas para esta etapa. As posibilidades de interdisciplinariedade con outras áreas do currículo, (especialmente Lingua estranxeira e Lingua galega) tamén dotan ao Fútbol Gaélico dun elevado interese. Os valores intrínsecos que o caracterizan son outro dos compoñentes educativos que o Fútbol Gaélico presenta.

Para rematar, temos que considerar a etapa na que se quere centrar esta proposta. A etapa do Ensino Secundario, o paso da escola ao instituto, supón en moitos casos unha mudanza de hábitos que leva, en moitos casos, ao abandono das prácticas deportivas que se realizaran ao longo da infancia. Mudanzas de hábitos e de intereses, nas que ofrecer modalidades deportivas novidosas ou alternativas poden impedir ou diminuír o abandono da práctica deportiva. Sendo unha modalidade recente no noso país, o fútbol gaélico permite a posibilidade de participar a individuos cunha ampla variabilidade na súa competencia motriz, sen que a “profesionalización” do deporte supoña un factor limitante para a súa práctica.

Agardo que este traballo sexa de utilidade e permita un maior coñecemento do Fútbol Gaélico e a súa presenza nos centros educativos de Galicia.

Unha aperta.

JUAN LUIS FERNANDEZ PEREZ



# A EDUCACIÓN FÍSICA NO CURRÍCULO DA EDUCACIÓN SECUNDARIA.

Un dos obxectivos da Educación Secundaria Obrigatoria é coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

Este obxectivo está en consonancia co fin estratéxico da Educación Física na ESO, que é introducir ao alumnado na práctica de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, nas que poida manter un papel de practicante activo ao longo da súa vida..

Nesta etapa as actividades de aprendizaxe propostas axudarán a desenvolver a relación coas demais persoas, o respecto, a atención especial á igualdade de xénero, entendendo as diferenzas relativas ás capacidades psicofísicas entre as rapazas e os rapaces, os condicionantes dos estereotipos sociais, a colaboración, o traballo en equipo, o xogo limpo, a resolución de conflitos, o recoñecemento do esforzo para lograr metas, a aceptación de regras establecidas e o desenvolvemento da iniciativa individual.

Por outra parte a competencia motriz da área de educación física contribúe a adquisición das competencias clave, que a Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, define como un elemento esencial do currículo, do seguinte xeito:

**Competencia en comunicación Lingüística.** Desenvólvese na área de educación física a través das múltiples situacións comunicativas, sobre todo de forma oral, nos xogos e as distintas actividades que se realizan nas clases. Utilizando a terminoloxía propia do deporte en lingua inglesa e lingua galega. Esta unidade didáctica de fútbol gaélico pretende contribuír á adquisición desta competencia mediante a adquisición do vocabulario propio do deporte e a asignación de tarefas por equipos: exposición de xeito oral de pequenos traballos, organización da aprendizaxe do deporte, etc.



### **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.**

Contribúese ao desenvolvemento desta competencia con todas aquelas actividades que implican un razoamento matemático como a interpretación de planos, apreciación de distancias, traxectorias, localización de obxectos, estimacións de tempo... Na práctica dos deportes de equipo, nomeadamente o fútbol gaélico, as distintas puntuacións, a interpretación dos espazos de xogo, das traxectorias dos compañeiros e os adversario, do balón así como a localización das zonas que nos van permitir unha superioridade no ataque van contribuír a adquisición desta competencia.

**Competencia dixital.** Abrangue o emprego de aplicacións informáticas para a realización de actividade física, busca de información empregando as TIC e a valoración crítica da mesma. Os nosos alumnos ao longo desta unidade didáctica deberán buscar e seleccionar información para a elaboración e exposición de pequenos traballos relacionados co fútbol gaélico así como visualizar un partido nunha plataforma de vídeos online.

**Competencia Aprender a aprender.** Supón a adquisición dunha aprendizaxe permanente, supón desenvolver habilidades para iniciarse na aprendizaxe dunha actividade física. Partindo dun xeito guiado para ir progresando cara a unha práctica autónoma. Sendo quen ademais de avaliar o seu propio traballo e pedir asesoramento. Nesta unidade didáctica o alumnos irán aprendendo as regras e a técnica do xogo por si mesmo mediante o ensaio/erro interiorizando as correccións e os consellos dados polo profesor froito da súa experiencia motriz.

**Competencia social e cívica.** A través da práctica das actividades físicas pónense en xogo estratexias de cooperación, oposición, integración, respecto, xogo limpo solidariedade...unas normas común a cumprir e respectar que preparan aos alumnos e alumnas para o exercicio dunha cidadanía responsable e democrática. A práctica do fútbol gaélico leva consigo asumidos unha serie de valores que fan deste algo máis que un deporte.



Dende a propia GAA, organismo que rexe o fútbol gaélico a nivel mundial, deféndense e promóvense valores tales como o amateurismo, a disciplina, o respecto, a honestidade, a paixón ou a solidariedade sen os cales este deporte deixaría de ser o elemento de elevado valor educativo que é hoxe en día. O respecto por todos eles serán vistos na aula os cales son aplicables no noso día a día como cidadáns.

**Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor.** Trabállase adquirindo pequenas responsabilidades que reforzan a súa autonomía e iniciativa persoal. Ao longo desta unidade didáctica os alumnos deberán facer as función de arbitro e de capitán coa responsabilidade que iso supón tanto na toma de decisións como na transmisión das posibles queixas.

**Competencia en conciencia e expresións culturais.** A educación física achégase a esta competencia apreciando a parte artística de certas execucións motrices, entendendo algunhas manifestacións da motricidade humana como feitos culturais presentes en todas as culturas e civilizacións. O fútbol gaélico está ligado a unha serie de valores culturais os cales se reflicten nas súas camisetas, emblemas e tradicións... ao longo das nosas sesións trataremos de transmitirle estes aspectos culturais procedentes de diversos lugares do mundo co fin de que os coñezan e os valoren.



# O FÚTBOL GAÉLICO NO CURRÍCULO DA EDUCACIÓN SECUNDARIA

A presenza dun deporte como o fútbol gaélico nas clases de Educación Física é case anecdótica, ou incluso excepcional, tendo en conta que é un deporte cunha implantación moi recente no noso país. Ao grande descoñecemento deste deporte hai que engadir outras ideas preconcebidas arredor del, que dificultan a súa presenza nas clases de Educación Física:

- Por consideralo un deporte de moito contacto físico – unha mestura de rugby, fútbol e balonmán- e polo tanto perigoso para a integridade física dos alumnos.
- Pola necesidade de técnicas específicas e complexas que esixen unha formación previa do profesorado.
- Por empregar unhas instalacións e un material non sempre accesible ao profesorado dos centros educativos.

Con todo, a rápida expansión deste deporte en Galicia nos seus inicios, - o gaélico “púxose de moda”- xunto co destacado papel da Selección Galega en competicións internacionais, que lle permitiron ter unha importante presenza mediática, supoñen unha oportunidade para o desenvolvemento do Fútbol Gaélico en Galicia.

Do mesmo xeito, outros dos argumentos que propoñemos a favor do fútbol gaélico son os seguintes:

\* O escaso coñecemento deste deporte fai que, a priori, todos os alumnos partan dun nivel de competencia semellante.

\* Os valores que fomenta o fútbol gaélico: amateurismo, terceiro tempo, pertenza a unha comunidade, etc... fan del un deporte cun elevado valor educativo.

\* As técnicas básicas e máis definitorias deste deporte son facilmente asimilables. Por outra banda, a semellanza con outros deportes de cooperación-oposición permite que os alumnos poidan rapidamente introducirse no fútbol gaélico aprendendo un número moi reducido de accións técnicas específicas.





\* O fútbol gaélico é un deporte facilmente adaptable ás instalacións e materiais dispoñibles na gran maioría de centros educativos. De feito, así sucede tamén en Irlanda, onde este deporte é adaptado nas súas dimensións, materiais e número de xogadores á realidade e posibilidades dos centros educativos.

Alén disto, o fútbol gaélico posúe os argumentos suficientes para ser considerado nas programacións de Educación Física na etapa da Educación Secundaria:

\* Contribúe a acadar as competencias clave.

\* A variedade de habilidades e destrezas básicas que desenvolve fan do fútbol gaélico un deporte moi rico no aspecto motriz. Por outra banda, as experiencias previas do alumnado en deportes de equipo van ter unha transferencia positiva na aprendizaxe das habilidades específicas do fútbol gaélico.

\* Os valores que a través deste deporte se poden fomentar:

a cooperación,

o traballo en equipo,

o xogo limpo,

a resolución de conflitos,

o respecto,

o recoñecemento do esforzo como medio para acadar metas

a aceptación das regras establecidas.



# QUE É O FÚTBOL GAÉLICO?

## Introdución

O **fútbol gaélico** (chamado en gaélico irlandés: Peil Ghaelach ou Caid) é unha variante do fútbol xogado principalmente en Irlanda, sendo o deporte de maior popularidade dese país xunto co hurling.

O fútbol gaélico xógase en equipos de 15 xogadores nun campo de herba rectangular con porterías en forma de H a ambos lados. O obxectivo principal é anotar puntos pateando ou golpeando o balón coas mans (por riba do traveseiro da portería rival) e/ou marcando goles (cun valor de 3 puntos). O equipo con máis puntos ao final do encontro gaña. Os xogadores avanza polo campo levando o balón nas súas mans, pateándoo e pasándoo entre compañeiros de equipo.

O fútbol gaélico ou balón pesado é un dos catro Xogos Gaélicos regulados pola Asociación Atlética Gaélica, a maior e máis popular organización deste tipo en Irlanda. Posúe regras estritas sobre a non profesionalización dos xogadores. A Asociación organiza cada ano as competicións entre clubs e entre condados, das cales as máis importantes son:

- A National Football League, que se disputa entre condados cada ano entre febreiro e abril desde 1926.
- Os Campionatos Provinciais, que se disputan en formato de eliminatoria directa a partido único desde maio a xullo entre condados.
- O All-Ireland Senior Football Championship, que comeza cos Campionatos Provinciais e remata en setembro. Este é o torneo máis prestixioso e antigo (1887) deste deporte, e dispútase entre condados.



## Orixes e Historia

Os xogos autóctonos irlandeses formaron desde antigo unha parte importante da súa cultura e tradición. Os Tailteann Games aparecen xa mencionados no Libro das Invasións. (Conxunto de manuscritos que relatan a construción nacional irlandesa dende a súa creación ata o século XI, data na que está escrito). Neste relato mitolóxico faise referencia a un partido de Hurling disputado antes dunha batalla no século XIII a. C. O folclore moderno afirma que os Tailteann Games comezaron arredor do 1600 a. C.

Mitoloxías aparte, o Hurling aparece recollido nas antigas Leis irlandesas de Brehon, (escritas entre os séculos VI e IX d.C.) que contiñan disposicións para a indemnización cando se producía unha morte ou ferida causadas por un *hurl* ou por un *sliotar*. Estas leis mantivéronse vixentes ata a invasión normanda en 1169-1171 d.C..

Desde esta data, foron numerosos os intentos de prohibir e disuadir aos irlandeses a práctica dos seus xogos e deportes autóctonos.

En 1367 o parlamento declarou que a práctica do Hurling conducía aos xogadores a desistir das súas obrigas militares.

En 1527, o Estatuto de Galway prohibía á poboación "lealista" participar neste deporte.

A pesar da prohibición declarada na Sunday Observance Act de 1695, o Hurling seguiu sendo practicado asiduamente ata a Gran Fame do ano 1847.

A pesar de non ser tan numerosas como no caso do Hurling, existen referencias a unha sorte de xogo de fútbol desde a Idade Media. Con todo, no será até o século XVII que atopemos referencias a un xogo de fútbol irlandés cun código propio.

A finais do século XIX, diversos organismos implicados no rexurdimento gaélico contemplaron revivir os seus xogos e deportes tradicionais, en especial o Hurling e o Fútbol. A partir de 1884, coa creación da GAA (Gaelic Athletic Association), os xogos autóctonos irlandeses pasaron a ser codificados e regulados por un único organismo.



## Que é a GAA?

A GAA (Gaelic Athletic Association) é unha organización deportiva e cultural presente nos 32 condados de Irlanda, así como tamén nos 5 continentes.

Fundada en 1884 por Michael Cusack, é a organización deportiva máis antiga de Irlanda e promotora dos principais deportes gaélicos: Fútbol, Hurling, Rounders e Handball, colaborando coas organizacións que promoven o Camogie (Hurling feminino) e o fútbol gaélico feminino.

A GAA ten arredor dun millón de membros e forman parte dela uns 2300 clubs por todo o mundo. Os mellores xogadores de cada club son seleccionados para xogaren nas Seleccións dos condados e disputaren as competicións inter-condados, incluíndo ligas nacionais e o Campionato All-Ireland.

O “Cuartel Xeral” da GAA é o estadio Croke Park, en Dublín, con capacidade para 82000 persoas. Alí se disputan ao longo do mes de setembro as finais dos Campionatos All-Ireland, sendo un dos eventos deportivos máis destacados de Irlanda.

É de destacar o carácter identitario destes deportes e o papel en defensa das tradicións e manifestacións culturais irlandesas que a GAA tivo ao longo da historia, nomeadamente no último século, en clara contraposición co “universo cultural” representado polo goberno británico e o mundo cultural anglosaxón. Non esquezamos que os deportes gaélicos, así como outras manifestacións culturais irlandesas, foron prohibidas polo goberno británico en diversas ocasións e períodos, motivadas polas tensións políticas acontecidas en distintos momentos da historia.

Unha das principais características destes deportes é o seu Amateurismo, destacando o recoñecemento e prestixio social dentro da comunidade como motor dos xogos e competicións gaélicas. Un breve resumo de cada unha das modalidades nas que a GAA desenvolve a súa actividade sería o seguinte:

- **Fútbol Gaélico:** Neste traballo describiremos este xogo polo miúdo, no que atopamos elementos comúns co fútbol, o rugby, o balonmán a 11 (precursor do actual), pero con características propias que o dotan dun gran especificidade.
- **Hurling:** Xogo semellante ao hockei herba, xógase no mesmo campo que o fútbol gaélico, sendo xunto a este, os deportes gaélicos máis prestixiosos e populares.
- **Rounders:** Xogo semellante ao Base ball, posiblemente o seu precursor.
- **Handball:** Xogo semellante á pelota vasca.



- **Camogie:** Versión feminina do Hurling
- **Poc Fada:** Xogo semellante ao Golf, no que se xoga co pau de Hurling. (Hurl ou camán)
- **Scór:** Trascendendo o ámbito deportivo, a GAA tamén fomenta as manifestacións culturais irlandesas (música, poesía, danza, etc.) a través destes certames. Esta competición cultural incíuse no 1969.

## Mulleres e a GAA

No ano 1884, da man de Michael Cusack, fundouse a GAA, mais as mulleres non tiveron cabida na Asociación, quedando relegadas a seren as “animadoras” e espectadoras dos homes. No ano 1903 aparece o primeiro club de Camogie e un ano máis tarde xorde a Asociación de Camogie, co propósito de darlle ás mulleres de Irlanda a súa propia versión do Hurling. Nesa altura, as mulleres non podían levar saias ou pantalóns curtos, véndose obrigadas a xogaren con vestimentas pouco axeitadas para actividades deportivas (saias ata os nocellos e blusas pouco axustadas).

No referente ao Fútbol feminino, non será até o ano 1974, no que se funda a LGFA, que este deporte se comece a espallar entre as mulleres. Nos días de hoxe, o fútbol gaélico feminino segue contando con normativas que a diferenzan do xogo masculino. Porén, as diferentes asociacións integradas na GAA (como a AGFG) teñen liberdade para faceren modificacións regulamentarias que camiñen cara a unha maior igualdade de xéneros no deporte. Neste senso, no ano 2018, na Convención Anual Europea foron aprobadas varias modificacións regulamentarias propostas desde Galicia con obxectivo de equiparar este deporte en ambos sexos.

## Presenza en Galiza

No ano 2010 presentouse o primeiro equipo galego coruñés Fillos de Breogán, que xogou desde a súa fundación todos os torneos do Campionato Ibérico de Clubs.

En xullo de 2012, da man de Siareiras Galegas e da Fundação Artábria, xogouse o primeiro partido da selección galega masculina de fútbol gaélico, nun encontro disputado en Narón contra a selección bretoa. Ambos os dous combinados están recoñecidos polo organismo internacional da Asociación Atlética Gaélica.



Logo deste encontro, comezaron a aparecer máis equipos pola xeografía galega como Irmandinhos (A Estrada), Mecos (O Grove), Suévia (Compostela) ou Fáisca (Vigo). Os primeiros, xunto cos coruñeses, crearon a Asociación Galega de Fútbol Gaélico, organismo tamén recoñecido pola GAA para a xestión dos deportes gaélicos na Galiza. Outros decidiron competir de forma mixta, xogando homes e mulleres en igualdade. Dos primeiros derivou a denominada Liga Galega e dos segundos a Liga Gallaecia.

### **Asociación Galega de Fútbol Gaélico**

Organismo regulador do fútbol gaélico en Galicia, creado en 2013. Afiliado á Gaelic Athletic Association (GAA) e ao Gaelic Games Europe (GGE) organiza a Liga Galega de Fútbol Gaélico, a Copa Galega e tamén é a entidade da que depende a Selección Galega de fútbol gaélico. En Xuño de 2017 asinou un acordo para a inclusión da Asociación Galega de Fútbol Gaélico e o fútbol gaélico como especialidade deportiva da Federación Galega de Fútbol.

### **Liga Galega de fútbol gaélico**

A competición está dividida en dúas categorías, masculina e feminina. Na categoría masculina os partidos son a 9 xogadores, cunha duración de 60 minutos. Na categoría feminina, os partidos son a 7 xogadoras e duración do mesmo é de 50 minutos. As dimensións do campo son menores que na categoría masculina. É previsible que a competición feminina pase a ser de 9 xogadoras coma a dos homes nas próximas temporadas. Na temporada 2019-20, a competición masculina está formada por 10 equipos e a feminina por 6 equipos.

### **Liga Gallaecia**

Tamén existe un grupo de equipos que optan por competir mulleres e homes coas mesmas normas (as oficiais da GAA para os equipos masculinos, aínda que non é unha liga recoñecida por este organismo). Son equipos vinculados aos centros sociais galegos cuxo obxectivo é a igualdade de xénero en materia deportiva. Estes equipos crearon a primeira liga mixta da historia do fútbol gaélico: a Liga Gallaecia. Foi presentada en Santiago de Compostela o 7 de agosto de 2013.



## Selección galega de fútbol gaélico

A selección de fútbol gaélico é a primeira selección deportiva galega que compite de xeito oficial nun torneo internacional. Os éxitos colleitados polos combinados galegos téñenlle dado certa presenza mediática ao fútbol gaélico, facendo que a selección galega sexa un dos elementos máis atraíntes deste deporte.

No 2015, as seleccións galegas masculina e feminina participaron no Campionato do Mundo de Fútbol Gaélico nos Emiratos Árabes Unidos, a primeira edición desta competición da historia. A selección galega masculina proclamouse subcampioa do mundo.

No campionato EuroGames 2018 xogado en Lorient no mes de agosto, o equipo feminino acadou a primeira praza vencendo na final a Francia por 28 puntos a 24. A selección masculina acadou a segunda posición no campionato perdendo na final xogada tamén ante Francia (10-15).

No Campionato Do Mundo celebrado en Agosto de 2019 en Irlanda, a selección feminina acadou o terceiro posto e a selección masculina clasificouse no oitavo lugar.

## Ligazóns de interese

ASOCIACIÓN GALEGA DE FÚTBOL GAÉLICO <http://gaelicogalego.gal/>

LIGA GALLAECIA <https://www.ligagallaecia.org/>

PÁXINA OFICIAL DA GAA (En inglés) <http://www.gaa.ie/>

PÁXINA DA GGE DOS CLUBS EN ESPAÑA <https://gaelicgameseurope.com/clubs/spain/>




## Regulamento do fútbol gaélico

*As regras descritas a continuación son as que rexen o deporte na Illa. Fóra desta existen importantes variacións para adaptar o xogo aos terreos habituais no resto de Europa (fútbol británico). Alén diso tamén é importante sinalar as grandes diferenzas que existen no regulamento atendendo ao sexo con variacións no referente ás regras técnicas mais tamén ás de comportamento ou mesmo dimensións do campo ou tamaño da bóla.*

### Campo de xogo

O campo é rectangular, de entre 130 e 145 metros de longo e entre 80 e 90 metros de ancho. Hai porterías con forma de H a ambos os dous lados cunha rede na parte inferior. O mesmo campo úsase para hurling; a GAA, que regula ambos deportes, decidiu isto para permitir que se xoguen ambos deportes nun só campo. As liñas están marcadas a 13, 20 e 45 metros de cada extremo. Utilízanse campos e porterías menores para nenos menores de 14 anos.



### Duración

Tódolos partidos duran 60 minutos, divididos en dúas metades de media hora cada unha, coa excepción de partidos Sénior entre condados, que duran 70 minutos (dúas metades de 35). Os empates decídense xogando outra vez ou engadindo 20 minutos de tempo adicional en dúas metades de 10 minutos. Nas finais dos All-Ireland non hai tempo engadido, polo que o partido volve a repetirse en caso de empate.

### Equipos

Cada equipo posúe 15 xogadores (un porteiro, dous corner-backs, un full-back, tres half-backs, dous centrocampistas, tres half-forwards, dous corner-forwards e un full-forward) e até 15 suplentes, dos cales pódense utilizar 5. Cada xogador numérase entre o 1 e o 15, comezando co porteiro, que debe utilizar unha camiseta doutra cor.





## O balón

Utilízase un balón de coiro, similar a un de fútbol, pero lixeiramente máis pesado, e con liscos horizontais similares en aparencia a balóns de voleibol. Pódese executar pases coas mans. Para realizar isto golpéase a pelota cos cotelos ou o polgar.



## Puntuación

Se o esférico pasa por riba do traveseiro anótase un punto e un xuíz levanta unha bandeira branca; se pasa por debaixo anótase un gol equivalente a tres puntos e o xuíz levanta unha bandeira verde. A portería está protexida polo pechacancelas. O resultado rexístrase co formato {total de goles} + {total de puntos}. Por exemplo, se un equipo marca 1 gol e 14 puntos, o seu resultado total son 17 puntos, e amosaría así: 1-14 (17). O equipo que gaña é o que acada a maior puntuación total.

## Defensa

Permítense cargas ombreiro contra ombreiro pero as placaxes (ou tackles) están prohibidas e son considerados falta agresiva que se castiga con carton negro.

Pódese golpear o balón das mans do rival (sempre coa palma aberta e nunca en dirección ao peito) ou empurralo co ombreiro (ombreiro contra ombreiro), pero as xogadas seguintes son consideradas faltas:

- Realizar unha placaxe.
- Empurrar a un rival (sempre que non sexa ombreiro contra ombreiro).
- Derribar a un rival (sempre que non sexa ombreiro contra ombreiro).
- Agarrar a un opoñente da camisola.
- Bloquear un tiro cos pés a unha distancia que poida supor risco para a integridade do lanzador.
- Agarrar un balón que está nas mans do rival.



## Reinicio do xogo

- O partido comeza cando o árbitro lanza o balón entre os catro centrocampistas.
- Despois de que un dianteiro lance a bóla fora da portería e cruce a liña de meta, o pechacancelas deberá sacar desde a liña de 13 metros. Os xogadores do equipo que fai o saque deben estar detrás da liña dos 20 metros no momento do saque, se reciben o balón a menor distancia será falta.
- Despois de que un dianteiro anote, o porteiro deberá sacar desde a liña de 20 metros. Os xogadores do equipo que saca deberán estar a unha distancia de 13 metros.
- Despois de que un defensor tire a bóla fora da portería e cruce a liña de meta, o equipo rival deberá sacar desde a liña dos 45 metros desde o lugar polo que saíu o esférico.
- Despois de que un xogador tire a bóla fora do campo de xogo, o outro equipo poder realizar un saque de banda (sideline kick) no punto onde o balón saíu do campo. A patada pode ser executada desde o chan ou cas mans.
- Cando un xogador comete unha falta, o outro equipo poder realizar un tiro libre (free kick) no lugar onde se cometeu a falta. O tiro libre pode ser executado co pe desde o chan ou desde as mans.
- Se un defensor comete unha falta (que non sexa técnica) dentro do área rectangular grande, comete un penalti (**penalty kick**) e o outro equipo pode realizar un disparo desde o chan no centro da liña dos 17m. Solo o porteiro pode custodiar o balón. Na área rectangular pequena tódalas faltas serán penalti.
- Se varios xogadores están loitando polo balón e non está claro quen o tiña no primeiro lugar, o árbitro pode optar por un saque neutral, lanzando o balón ao aire entre dous xogadores que se atopan un fronte ao outro.



## METODOLOXÍA

Os recursos metodolóxicos utilizados nesta unidade didáctica procuran un **enfoque competencial** na aprendizaxe, que toma como punto de partida os coñecementos previos dos alumnos e alumnas. Unha aprendizaxe eminentemente práctica, contextualizada na súa contorna, dirixida ao fomento do traballo cooperativo e a inclusión do alumnado.

Tal como recolle o **Decreto 86/2015**, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia, as propostas didácticas na área de Educación Física deben incorporar a reflexión e a análise dos procesos de ensino e aprendizaxe, co fin de facilitar estratexias de transferencia dos coñecementos a outras situacións.

Ademais deberán favorecerse as orientacións metodolóxicas que teñan a súa base na descuberta guiada, a resolución de problemas, o traballo por retos e proxectos, e a cooperación, tendo presente o desenvolvemento da creatividade do alumnado.

Será importante que a educación física teña un carácter práctico e vivencial que respecte os principios de actividade e participación no cal a aprendizaxe non se converta nunha mera adquisición pasiva de coñecementos se non que sinta a necesidade de aprender e investigar.

O **descubrimento guiado** e a **resolución de problemas** serán a base da metodoloxía empregada. Así pretendemos propoñer tarefas significativas, as cales requiran dunha implicación cognoscitiva do noso alumnado. A nosa labor como docentes será de guía ou acompañante na cal orientaremos as respostas do nosos alumnado mediante suxestións evitando as imposicións. A reflexión por parte dos nosos alumnos do que está a ocorrer en función da súa toma de decisión será indispensable.

Na nosa proposta, combinaremos estas metodoloxías con outras máis directivas. Por unha banda, o fútbol gaélico presenta unha serie de elementos técnicos moi específicos e afastados dos deportes de equipo máis populares (fútbol, balonmán ou baloncesto) polo que metodoloxías máis directivas, como o mando directo ou a asignación de tarefas, vannos permitir unha primeira aprendizaxe rápida e eficaz destes elementos. Unha vez adquiridos, pasaremos ao emprego de metodoloxías máis participativas e cognoscitivas.



Debemos ter en conta que, se ben a experiencia previa do noso alumnado neste deporte é normalmente escasa ou nula, a experiencia previa noutros deportes de equipo van permitir unha rápida adaptación ao fútbol gaélico dos alumnos unha vez teñan adquiridos os elementos técnicos específicos deste deporte.

Deste xeito, a organización das tarefas nas sesións desta unidade didáctica estarán baseadas no traballo individual, por parellas e pequenos grupos.

No tocante as **estratexias** a empregar buscaremos que sexan maioritariamente **globais** xa que estas permiten aos nosos alumnos vivenciar experiencias máis próximas ás situacións reais. Entre as súas vantaxes tamén contan con que permiten un maior desenvolvemento corporal e unha mellor comprensión e máis motivación intrínseca ao resultaren estas estratexias máis divertidas e menos repetitivas.

## ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Atender á diversidade na aula supón ofrecer una proposta educativa que permita o acceso ao currículo de todos os alumnos no mesmo entorno ordinario.

Nunha educación física inclusiva todo o alumnado comparte o mesmo espazo, mantendo as máis altas expectativas de aprendizaxe. Polo tanto as actividades segregadas non son consideradas inclusivas. A inclusión supón sempre compartir co grupo o proceso de aprendizaxe e, neste contexto, a diversidade dá cohesión ao grupo e o enriquece.

Non se trata dunha tarefa doada. Será preciso adoptar estratexias que faciliten a participación efectiva do alumnado. Propoñer actividades comúns e realizables para todos baixo as seguintes premisas:

- Ofrecer actividades con distinto grado de dificultade na execución.
- Equilibrar o deseño de actividades de gran grupo e pequeno grupo (sen propoñer actividades individuais para aqueles alumnos que presentan dificultades de aprendizaxe cando o resto do grupo participa colectivamente).
- Deseñar actividades de libre elección onde o alumno poida elixir o itinerario das tarefas ao longo da sesión en función das súas capacidades.
- Asegurar a práctica da totalidade do grupo clase formando un equipo. Todos sumamos.



# POSIBILIDADES DE INTERDISCIPLINARIEDADE

Podemos relacionar o desenvolvemento da unidade didáctica de fútbol gaélico con estándares doutras áreas do currículo a través da seguinte proposta de actividades:

## **Área de Lingua estranxeira: Inglés**

Posiblemente sexa a área do currículo na que máis rendemento se lle pode tirar ao fútbol gaélico.

- Tradución dos termos relacionados co campo de xogo (umpires, forty-five kick, foul, match, etc...)
- Tradución de termos e regras do xogo.
- Materiais escritos e audiovisuais de fútbol gaélico en lingua inglesa.
- Artigos e libros sobre este deporte escritos en inglés

## **Área de Lingua Galega**

O fútbol gaélico é posiblemente un dos deportes nos que a presenza da lingua galega estea máis normalizada. Alén diso, o fútbol gaélico ofrece unha visión do “galego” moderna e positiva, que pode axudar a combater prexuízos lingüísticos aínda hoxe presentes na nosa sociedade.

- Elaboración de regulamentos
- Elaboración de materiais de traballo (exercicios)
- Exposicións orais relacionadas co deporte ou co encontro lúdico-deportivo
- Artigos e entrevistas en formato de noticia

## **Área de educación artística**

- Deseño e creación de escudos ou emblemas que representen o equipo.
- Creación de carteis para os torneos escolares
- Fotografías



Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Compet. clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>■ m</li> <li>■ n</li> <li>■ a</li> <li>■ b</li> <li>■ c</li> <li>■ d</li> <li>■ l</li> <li>■ g</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>■ B1.3. Respeito e aceptación das regras das actividades, os xogos e os deportes practicados.</li> <li>■ B1.5. Aceptación do propio nivel de execución e o das demais persoas, e disposición positiva cara á súa mellora.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>■ B1.2. Recoñecer as posibilidades das actividades físico-deportivas e artístico-expresivas como formas de inclusión social, facilitando a eliminación de obstáculos á participación doutras persoas independentemente das súas características, colaborando elas e aceptando as súas achegas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>■ EFB1.2.1. Aмосa tolerancia e deportividade tanto no papel de participante como no de espectador/a.</li> <li>■ EFB1.2.2. Colabora nas actividades grupais, respectando as achegas das demais persoas e as normas establecidas, e asumindo as súas responsabilidades para a consecución dos obxectivos.</li> <li>■ EFB1.2.3. Respeita as demais persoas dentro do labor de equipo, con independencia do nivel de destreza.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>■ CSC</li> <li>■ CSC</li> <li>■ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>■ i</li> <li>■ g</li> <li>■ e</li> <li>■ b</li> <li>■ m</li> <li>■ ñ</li> <li>■ o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>■ B1.13. Tecnoloxías da información e da comunicación para procurar, analizar e seleccionar información relacionada coa actividade física e a saúde.</li> <li>■ B1.14. Elaboración e exposición argumentada de documentos no soporte máis axeitado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>■ B1.5. Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación no proceso de aprendizaxe, para procurar, analizar e seleccionar información salientable, elaborando documentos propios, e facendo exposicións e argumentacións destes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>■ EFB1.5.1. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para elaborar documentos dixitais propios adecuados á súa idade (texto, presentación, imaxe, vídeo, son, etc.), como resultado do proceso de procura, análise e selección de información salientable.</li> <li>■ EFB1.5.2. Expón e defende traballos elaborados sinxelos sobre temas vixentes no contexto social, relacionados coa actividade física ou a corporalidade, utilizando recursos tecnolóxicos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>■ CD</li> <li>■ CCL</li> <li>■ CAA</li> <li>■ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>■ a</li> <li>■ b</li> <li>■ g</li> <li>■ m</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>■ B4.1. Execución e avaliación de habilidades motrices vinculadas ás accións deportivas, respectando os regulamentos específicos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>■ B4.1. Resolver situacións motoras individuais aplicando os fundamentos técnicos e as habilidades específicas, das actividades físico-deportivas propostas, en condicións adaptadas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>■ EFB4.1.1. Aplica os aspectos básicos das técnicas e habilidades específicas adaptadas, respectando as regras e as normas establecidas.</li> <li>■ EFB4.1.2. Autoavalía a súa execución de xeito básico con respecto ao modelo técnico formulado.</li> <li>■ EFB4.1.3. Describe a forma de realizar os movementos implicados nos modelos técnicos adaptados.</li> <li>■ EFB4.1.4. Mellora o seu nivel na execución e aplicación das accións técnicas respecto ao seu nivel de partida, amosando actitudes de esforzo e superación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>■ CAA</li> <li>■ CSIEE</li> <li>■ CAA</li> <li>■ CSIEE</li> <li>■ CAA</li> <li>■ CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>■ a</li> <li>■ b</li> <li>■ d</li> <li>■ g</li> <li>■ m</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>■ B4.4. Execución de habilidades motrices técnico-tácticas facilitadas vinculadas aos deportes colectivos en distintas situacións, respectando os regulamentos específicos.</li> <li>■ B4.5. Práctica de actividades e xogos para a aprendizaxe dos deportes colectivos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>■ B4.2. Resolver situacións motoras de oposición, colaboración ou colaboración-oposición facilitadas, utilizando as estratexias máis axeitadas en función dos estímulos máis relevantes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>■ EFB4.2.1. Adapta os fundamentos técnicos e tácticos para obter vantaxe na práctica das actividades físico-deportivas de oposición ou de colaboración-oposición facilitadas.</li> <li>■ EFB4.2.2. Describe simplifadamente e pon en práctica de xeito autónomo aspectos de organización de ataque e de defensa nas actividades físico-deportivas de oposición ou de colaboración-oposición facilitadas.</li> <li>■ EFB4.2.3. Discrimina os estímulos que cómpre ter en conta na toma de decisións nas situacións de colaboración, oposición e colaboración-oposición facilitadas, para obter vantaxe ou cumprir o obxectivo da acción.</li> <li>■ EFB4.2.4. Reflexiona sobre as situacións facilitadas resoltas valorando a oportunidade das solucións achegadas e a súa aplicabilidade a situacións similares.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>■ CAA</li> <li>■ CSIEE</li> <li>■ CAA</li> <li>■ CSIEE</li> <li>■ CAA</li> <li>■ CSIEE</li> <li>■ CAA</li> <li>■ CSIEE</li> </ul>



## Obxectivos didácticos:

- Coñecer as regras do xogo e valorar o respecto polas mesmas como medio de asegurar a igualdade de oportunidades entre os participantes.
- Recoñecer ás orixes deste deporte, a súa idiosincrasia e os valores implícitos na súa práctica.
- Aprender e practicar as habilidades específicas así como os elementos técnico tácticos propios do fútbol gaélico.
- Participar nas actividades propostas respectando aos compañeiros, aos adversarios e máis aos elementos materias.
- Coñecer e practicar esta modalidade deportiva contemplándoa como unha alternativa para o tempo de lecer activo favorecendo o seu desenvolvemento persoal e mellorando a súa saúde e calidade de vida.

## Temporalización

Esta unidade didáctica está estruturada en **8 sesións** que se desenvolverán nas instalacións do centro educativo. A estas sesións engadiremos unha **novena sesión** que consistirá na aplicación dos coñecementos adquiridos nun eido propio da modalidade deportiva na que participarán con alumnos e alumnas doutros centros.



## Desenvolvemento das sesións

Sesión nº: 1	U.D.: O fútbol gaélico	Curso: 2º ESO	Duración: 50 minutos
<b>CONTIDOS:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Coñecemento do fútbol géllico: <ul style="list-style-type: none"> <li>• Historia do fútbol gaélico.</li> <li>• Valores implícitos na súa práctica</li> <li>• Familiarización co pase (golpeo de puño) e o desprazamento con balón de fútbol gaélico.</li> </ul> </li> </ul>		Espazos: Pista polideportiva.	
		Materiais: Balóns de fútbol gaélico e conos.	
		Organización: Gran grupo.	
<b>FASE DE INFORMACIÓN:</b> Nesta primeira sesión temos como principal finalidade que os alumnos entren en contacto cun deporte descoñecido pola meirande parte deles como é o fútbol gaélico. Partindo do xogo orixinal practicado en Irlanda, que se xoga a 15 xogadores, pasaremos despois ás modalidades practicadas no noso país: a 11 e a 9 xogadores. Para isto veremos o seguinte vídeo, no que se expoñen as principais regras e técnicas do xogo, así como os elementos básicos (balón, campo, porterías, etc.) <a href="https://www.youtube.com/watch?v=Wtx6voKmkus">https://www.youtube.com/watch?v=Wtx6voKmkus</a> Dende o punto de vista práctico buscaremos nesta primeira sesión que os alumnos se familiaricen co balón de fútbol gaélico e co primeiro elemento técnico: o pase de man. Isto faremos mediante exercicios analíticos e xogos que eles xa coñecen co fin de “facilitar a súa relación” con este balón.			
<b>QUECEMENTO:</b> 1.1.- Quecemento xeral: 1.2.- Pase de puño situados en filas: Os alumnos sitúanse en catro fileiras fronte a outras catro fileiras que se atopan a unha distancia de 8-10 m. A tarefa consistirá en avanzar catro pasos cara ao compañeiro que está enfrente e pasarlle a bóla mediante un golpeo de puño. Despois pásase ao final da fileira.			
<b>PARTE PRINCIPAL:</b> 2.1.- Xogo do reloxo: Facemos un círculo formado por dez alumnos cunha separación dun metro entre eles e un balón. Á voz do profesor un alumno en posesión do balón, pásalo ao compañeiro que teña ao seu lado dereito e bota a correr ao redor do círculo. Ao tempo que el corre os seus compañeiros van pasando o balón. O alumno que está a correr ten que chegar ao seu posto antes que o faga o balón.  2.2.- O pelotazo: Nun espazo limitado, todos os alumnos se disputan un balón (brando, de espuma ou semellante). O obxectivo do xogo é coller o balón e eliminar ao demais xogadores mediante o lanzamento do balón. O lanzamento debe realizarse única e exclusivamente mediante un golpeo de puño. O xogador que está en posesión do balón só pode desprazarse 4 pasos como máximo con el, despois deberá lanzar ao alguén. Se un xogador é alcanzado polo balón, debe sentar no chan, quedando eliminado ata que alguén llo pase ou o consiga tocar (nun rebote doutro lanzamento, por exemplo). Gaña o xogador que consiga eliminar a todos os demais. 2.2.V1- Pelotazo por equipos. Desenvólvese dun xeito moi similar ao xogo anterior, pero agora hai 3 equipos en xogo. Calquera pode coller o balón, pero agora colabora cos membros do seu propio equipo para eliminar aos xogadores dos outros dous equipos. Para poder salvar a un compañeiro eliminado (pasándolle o balón) haberá que primeiramente eliminar a un xogador dos equipos contrarios. 2.2.V2- Pelotazo contaminante. Comeza o xogo un só xogador con balón que será o único que poida coller o balón para “contaminar” aos demais. A regra de xogo co balón é a mesma das outras variantes: só pode dar 4 pasos e logo ten que tirar o balón a algún dos demais participantes, sempre con golpeo de puño. Cando alcance a un xogador, este pasa tamén a “contaminar” aos demais. Progresivamente iránse “contaminando” todos os participantes, rematando o xogo cando non quede ningún xogador sen “contaminar”.			
<b>VOLTA Á CALMA E REFLEXIÓN:</b> Rolda de estiramientos.			
<b>OBSERVACIÓNS:</b>			





Sesión nº: 2	U.D.: O fútbol gaélico	Curso: 2º ESO	Duración: 50 minutos
<b>CONTIDOS:</b>		Espazos: Pista polideportiva.	
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Aspectos regulamentarios básicos             <ul style="list-style-type: none"> <li>○ O “solo”</li> <li>○ O bote</li> </ul> </li> <li>• Perfeccionamento do pase de man (golpeo de puño).</li> <li>• Adquisición e práctica do “solo” no desprazamento con balón.</li> </ul>		Materiais: Balóns de fútbol gaélico e conos.	
		Organización: Gran grupo.	
<b>FASE DE INFORMACIÓN:</b>			
Nesta primeira fase da sesión afondaremos nalgúns dos aspectos regulamentarios básicos do xogo. O desprazamento con balón e os recursos que temos unha vez finalizados os 4 pasos en posesión de balón: o bote, o solo ou baixar o balón para xogalo co pé.			
<b>QUECEMENTO:</b>			
1.1.- Quecemento xeral:			
1.2.- Pase de man situados en filas:			
Os alumnos sitúanse en catro fileiras frontadas a outras catro fileiras que se atopan a unha distancia de 8-10 m. A tarefa consistirá en avanzar catro pasos cara ao compañeiro que está enfronte e pasarlle a bóla mediante un golpeo de puño. Despois pásase ao final da fileira de enfronte (á que se pasou o balón).			
1.3.- Mesmo exercicio ca o anterior, pero as filas están máis separadas entre si, de xeito que para chegar a unha distancia idónea para pasar o balón os alumnos se vexan na obriga de facer un “solo”. A secuencia, así sería: Recepción de balón-4 pasos- solo- 4 pasos – pase de balón.			
<b>PARTE PRINCIPAL:</b>			
2.1.- Pelotazo contaminante. Mesmo exercicio da sesión 1, pero os alumnos “contaminadores” poden facer un “solo” despois de dar 4 pasos con balón.			
2.2.- Pelotazo por equipos. Mesmo xogo da sesión 1. Tres equipos tratan de eliminarse mutuamente. Permítese facer un “solo” ao xogador con balón unha vez teña gastado os 4 pasos.			
2.3.- Xogo dos 5 pases:			
Nun espazo de 15 x 15 m xogan 2 equipos co obxectivo de facer 5 pases seguidos entre os membros do equipo sen que os rivais consigan roubar balón. Iremos introducindo consignas que dificulten a tarefa:			
- Non se pode repetir pase.			
- Se o balón cae ao chan hai que comezar a conta dos pases.			
- Se o equipo rival intercepta o balón nun pase, hai que comezar de novo a conta dos pases.			
<b>VOLTA Á CALMA E REFLEXIÓN:</b>			
Rolda de estiramientos.			
<b>OBSERVACIÓNS:</b>			



Sesión nº: 3	U.D.: O fútbol gaélico	Curso: 2º ESO	Duración: 50 minutos
<b>CONTIDOS:</b>		Espazos: Pista polideportiva.	
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Aspectos regulamentarios básicos             <ul style="list-style-type: none"> <li>○ Levantar o balón do chan</li> </ul> </li> <li>• Adquisición e práctica do levantamento do balón do chan</li> <li>• Perfeccionamento do pase de man (golpeo de puño).</li> <li>• Perfeccionamento do “solo” e do bote no desprazamento con balón.</li> </ul>		Materiais: Balóns de fútbol gaélico e conos.	
		Organización: - Fileiras - Grupos reducidos - Gran grupo.	
<b>FASE DE INFORMACIÓN:</b>			
Seguiremos aprofundando nos aspectos regulamentarios básicos do xogo. O xeito de levantar o balón do chan e as regras relacionadas con este xesto técnico (Non se pode tocar a un xogador agachado para coller un balón, nin se pode meter o pé cando un xogador está agachado para levantar o balón)			
<b>QUECEMENTO:</b>			
1.1.- Quecemento xeral:			
1.2.- Levantamento de balón do chan situados en filas: Os alumnos sitúanse en catro fileiras enfrontadas a outras catro fileiras que se atopan a unha distancia de 8-10 m. A tarefa consistirá en levantar o balón do chan, avanzar con el catro pasos cara ao compañeiro que está enfronte e deixar a bóla no chan. Despois pásase ao final da fileira de enfronte.			
1.3- Mesmo exercicio ca o anterior, pero as filas están máis separadas entre si, de xeito que unha vez levantado o balón do chan, a secuencia do exercicio será: Levantar o balón - 4 pasos – solo - 4 pasos – deixar o balón no chan.			
<b>PARTE PRINCIPAL:</b>			
2.1.- A pita con balón: Os alumnos distribuídos en media cancha xogarán á “pita”. Un alumno co balón collido coas dúas mans ten como obxectivo tocar aos demais compañeiros con este, non se pode lanzar. Os demais alumnos teñen que desprazarse por todo o espazo evitando que os toquen. Xogador tocado pasa a pillar, de xeito que o número de perseguidores vai en aumento até que non quede ningún alumno por tocar. O xogador con balón pode desprazarse 4 pasos+solo+4 pasos para tratar de tocar aos que escapan. Tamén pode pasar aos demais xogadores perseguidores.			
2.2- Xogo do rouba peras: Dividimos a clase en dous grupos e colocamos 5-10 balón dentro de cada área de balonmán. O obxectivo é coller todos os balón que hai dentro da área contraria e traelos para a nosa, evitando co contrario colla os nosos. Se me tocan sen balón en campo contrario teño que voltar ao meu. Se me tocan con balón en campo contrario teño que deixalo no chan, para que volvan a metelo na área, e quedarme quieto no sitio até que me libren. En campo propio e dentro da área non me poden tocar.			
2.3- Xogo dos 5 pases + contraataque: Xogo similar ao da sesión anterior. Nun espazo de 15 x 15 m xogan 2 equipos co obxectivo de facer 5 pases seguidos entre os membros do equipo sen que os rivais consigan roubar balón. Unha vez feitos os 5 pases, deberán colocar o balón no círculo central de medio campo para marcar punto. Iremos introducindo consignas que dificulten a tarefa: - Non se pode repetir pase. - Se o balón cae ao chan hai que comezar a conta dos pases. - Se o equipo rival intercepta o balón nun pase, hai que comezar de novo a conta dos pases.			
<b>VOLTA Á CALMA E REFLEXIÓN:</b>			
Rolda de estiramientos.			
<b>OBSERVACIÓNS:</b>			



Sesión nº: 4	U.D.: O fútbol gaélico	Curso: 2º ESO	Duración: 50 minutos
<b>CONTIDOS:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>Consolidación dos elementos técnicos: solo – levantamento – pase de puño</li> <li>Adquisición e práctica do pase co pé</li> <li>Adquisición do xesto técnico de lanzamento a paus (co pé)</li> <li>Iniciación ao xogo de ataque en parellas</li> </ul>		Espazos: Pista polideportiva. Materiais: Balóns de fútbol gaélico e conos. Organización: - Fileiras - Grupos reducidos - Gran grupo.	
<b>FASE DE INFORMACIÓN:</b> Seguiremos aprofundando nos aspectos regulamentarios básicos do xogo. O tiro a paus (golpeo co pé) co balón adaptado nas mans. O pase co pé.			
<b>QUECEMENTO:</b> 1.1.- Quecemento xeral: 1.2.- Nun espazo reducido (circulo ou cadrado) móvense os xogadores libremente, con varios balóns. Seguir as instrucións que se indican: <ul style="list-style-type: none"> <li>* Pasarse continuamente os balóns dispostos no espazo. O xogador con balón pode (ou debe) facer un solo antes de pasar a un compañeiro.</li> <li>* Balóns dispostos polo chan, levántalo, facer solo e deixalo de novo no chan para que o recolla outro compañeiro.</li> <li>* Chamar a un compañeiro e lanzar o balón verticalmente. O compañeiro debe saltar e coller o balón no aire.</li> </ul> 1.3- Filas enfrontadas, facer pase co pé (co balón adaptado nas mans). Progresivamente ir aumentando a distancia entre as filas.			
<b>PARTE PRINCIPAL:</b> 2.1.- Xogo do rouba peras: Dividimos a clase en dous grupos e colocamos 5-10 balón dentro de cada área de balonmán. O obxectivo é coller todos os balón que hai dentro da area contraria e traelos para a nosa, evitando que o contrario colla os nosos. Pódese transportar os balóns cos pés ou coas mans, pero sempre respectando as regras do xogo (4 pasos- bote – 4 pasos – solo) Se me tocan sen balón en campo contrario teño que voltar ao meu. Se me tocan con balón en campo contrario teño que deixalo no chan, para que volvan a metelo na área, e quedarme quieto no sitio até que me libren. En campo propio e dentro da área non me poden tocar. 2.2: Exercicio por parellas. Desde medio campo (na pista de balonmán) progresar con balón cara a portería (respectando as normas) e ao chegaren á área de 9 m, o xogador con balón fai un lanzamento a paus. <ul style="list-style-type: none"> <li>- Inicialmente o exercicio faise sen defensores. Progresivamente, iremos incorporando unha oposición cada vez máis activa:             <ul style="list-style-type: none"> <li>- Despois de facer o ataque, a parella queda a defender á seguinte parella (sen saír da área de 9 m)</li> <li>- Despois de facer o ataque, a parella queda a defender á seguinte parella (sen usar os brazos)</li> <li>- Despois de facer o ataque, a parella queda a defender á seguinte parella (defensa total)</li> </ul> </li> </ul> 2.3- Xogo dos 5 pases + lanzamento a paus: Xogo similar ao da sesión anterior. Dentro da área de 9 m da pista de balonmán xogan 2 equipos co obxectivo de facer 5 pases seguidos entre os membros do equipo sen que os rivais consigan roubar balón. Unha vez feitos os 5 pases, deberán saír fóra da área de 9 m e tirar a paus. Inicialmente, o equipo que defende non pode saír da área a bloquear o lanzamento a paus. A medida que van dominando o xogo, pódese permitir que os defensores saian fóra da área a defender. Iremos introducindo consignas que dificulten a tarefa: <ul style="list-style-type: none"> <li>- Non se pode repetir pase.</li> <li>- Se o balón cae ao chan hai que comezar a conta dos pases.</li> <li>- Se o equipo rival intercepta o balón nun pase, hai que comezar de novo a conta dos pases.</li> </ul>			
<b>VOLTA Á CALMA E REFLEXIÓN:</b> Rolda de alongamentos.			
<b>OBSERVACIÓNS:</b>			



Sesión nº: 5	U.D.: O fútbol gaélico	Curso: 2º ESO	Duración: 50 minutos
<b>CONTIDOS:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Consolidación dos elementos técnicos: solo – levantamento – pase de puño - pase co pé</li> <li>• Consolidación do xesto técnico de lanzamento a paus (co pé)</li> <li>• Iniciación ao xogo de ataque 1 x 1</li> <li>• Consolidación do xogo 2 x 2</li> </ul>		<b>Espazos:</b> Pista polideportiva.  <b>Materiais:</b> Balóns de fútbol gaélico e conos.  <b>Organización:</b> - Fileiras - Grupos reducidos - Gran grupo.	
<b>FASE DE INFORMACIÓN:</b> Seguiremos aprofundando nos elementos básicos de xogo. O saque de banda (golpeo co pé) co balón adaptado nas mans. Saques de portería (golpeo co pé) co balón apoiado no chan.			
<b>QUECEMENTO:</b> 1.1.- Quecemento xeral: 1.2.- Nun espazo reducido (círculo ou cadrado) móvense os xogadores libremente, con varios balóns. Seguir as instrucións que se indican: <ul style="list-style-type: none"> <li>* Pasarse continuamente os balóns dispostos no espazo. O xogador con balón pode (ou debe) facer un solo antes de pasar a un compañeiro.</li> <li>* Balóns dispostos polo chan, levántalo, facer solo e deixalo de novo no chan para que o recolla outro compañeiro.</li> <li>* Chamar a un compañeiro e lanzar o balón verticalmente. O compañeiro debe saltar e coller o balón no aire.</li> </ul> 1.3.- En círculo amplo con 5-6 balóns, xogador con balón chama por un compañeiro e faille pase co pé			
<b>PARTE PRINCIPAL:</b> 2.1.-. En círculo, xogo 1x1. Dous xogadores no medio do círculo, lánzase un balón ao ar. O xogador que o colla debe facer 5 pases cos demais compañeiros que están formando o círculo. O xogador con balón defende para tratar de roubar o balón e iniciar el os 5 pases cos compañeiros que forman o círculo. Os xogadores que están fóra deben estar atentos para recibir balón e pasarllo ao xogador que está atacando (facendo os pases cos de fóra). 2.2: Exercicio por parellas. Desde medio campo (na pista de balonmán) progresar con balón cara a portería (respectando as normas) e ao chegaren á área de 9 m, o xogador con balón fai un lanzamento a paus. <ul style="list-style-type: none"> <li>- Inicialmente o exercicio faise sen defensores. Progresivamente, iremos incorporando unha oposición cada vez máis activa: <ul style="list-style-type: none"> <li>- Despois de facer o ataque, a parella queda a defender á seguinte parella (sen saír da área de 9 m)</li> <li>- Despois de facer o ataque, a parella queda a defender á seguinte parella (sen usar os brazos)</li> <li>- Despois de facer o ataque, a parella queda a defender á seguinte parella (defensa total)</li> </ul> </li> </ul> 2.3- Xogo dos cadrados: Dentro do espazo de xogo, cada equipo ten 2 cadrados situados en diagonal, cada un nun extremo da pista. O obxectivo é facer un pase de pé ao compañeiro que estea no cadrado. Se recibe o balón, o compañeiro sae a iniciar o pase ao outro cadrado. O que fixo o pase, métese no cadrado. Dentro do cadrado non pode haber xogadores do equipo contrario. Cada vez que se pasa ao compañeiro con éxito, é un punto para o equipo.			
<b>VOLTA Á CALMA E REFLEXIÓN:</b> Rolda de alongamentos.			
<b>OBSERVACIÓNS:</b>			



Sesión nº: 6	U.D.: O fútbol gaélico	Curso: 2º ESO	Duración: 50 minutos
<b>CONTIDOS:</b>		<b>Espazos:</b> Pista polideportiva.	
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Consolidación dos elementos técnicos: solo – levantamento – pase de puño - pase co pé</li> <li>• Consolidación do xesto técnico de lanzamento a paus (co pé)</li> <li>• Consolidación do xogo de ataque 1 x1 e 2 x 2</li> <li>• Inicio ao xogo de ataque 3 x 3</li> </ul>		<b>Materiais:</b> Balóns de fútbol gaélico e conos.	
		<b>Organización:</b> - Fileiras - Grupos reducidos - Gran grupo.	
<b>FASE DE INFORMACIÓN:</b> Seguiremos aprofundando nos elementos básicos de xogo. Inicio ao xogo			
<b>QUECEMENTO:</b> 1.1.- Quecemento xeral: 1.2.- Nun espazo reducido (círculo ou cadrado) móvense os xogadores libremente, con varios balóns. Seguir as instrucións que se indican: <ul style="list-style-type: none"> <li>* Pasarse continuamente os balóns dispostos no espazo. O xogador con balón pode (ou debe) facer un solo antes de pasar a un compañeiro.</li> <li>* Balóns dispostos polo chan, levantalo, facer solo e deixalo de novo no chan para que o recolla outro compañeiro.</li> <li>* Chamar a un compañeiro e lanzar o balón verticalmente. O compañeiro debe saltar e coller o balón no aire.</li> </ul> 1.3.- En círculo amplo con 5-6 balóns, xogador con balón chama por un compañeiro e faille pase co pé			
<b>PARTE PRINCIPAL:</b> 2.1 – En círculo, pase de puño a un compañeiro e ir a tocalo antes de que faga pase. Non se pode pasar aos xogadores que están xusto ao lado. O xogador que é tocado antes de pasar, o que se esquece de ir tocar despois do pase, o que fai un mal pase ou unha mala recepción, deben dar unha volta ao círculo como “castigo”. Unha vez dominen o exercicio, podemos introducir a blocaxe / intercepción do pase cando se vai tocar ao xogador. 2.2.-. En círculo, xogo 2x2. Dúas parellas no medio do círculo, lánzase un balón ao ar. A parella que colla o balón debe facer 5 pases, ben cos compañeiros de fóra ou ben co compañeiro que está dentro do círculo. A parella que non ten balón debe defender para roubar o balón e iniciar eles a secuencia de 5 pases. O xogador que o colla debe facer 5 pases cos demais compañeiros que están formando o círculo. O xogador con balón defende para tratar de roubar o balón e iniciar el os 5 pases cos compañeiros que forman o círculo. Os xogadores que están fóra deben estar atentos para recibir balón e pasarllo ao xogador (ou á súa parella) que está atacando. 2.3: Exercicio por tríos. Desde medio campo (na pista de balonmán) progresar con balón cara a portería (respectando as normas) e ao chegaren á área de 9 m, o xogador con balón fai un lanzamento a paus. - Inicialmente o exercicio faise sen defensores. Progresivamente, iremos incorporando unha oposición cada vez máis activa: <ul style="list-style-type: none"> <li>- Despois de facer o ataque, o trío queda a defender o lanzamento da seguinte parella (sen saír da área de 9 m)</li> <li>- Despois de facer o ataque, o trío queda a defender á seguinte parella (sen usar os brazos)</li> <li>- Despois de facer o ataque, o trío queda a defender á seguinte parella (defensa total)</li> </ul> 2.4. Xogo do “tocado”. 2 equipos xogan a poñer o balón detrás da liña de meta do equipo contrario. Se o xogador con balón é tocado por un defensor, non pode seguir avanzando. Se o xogador con balón é tocado por dous defensores, o seu equipo perde a posesión do balón. Inicialmente, os xogadores con balón poden correr ilimitadamente co balón. Despois, deben progresar con balón respectando as normas do xogo.			
<b>VOLTA Á CALMA E REFLEXIÓN:</b> Rolda de alongamentos.			
<b>OBSERVACIÓNS:</b>			



Sesión nº: 7	U.D.: O fútbol gaélico	Curso: 2º ESO	Duración: 50 minutos
<b>CONTIDOS:</b>		Espazos: Pista polideportiva.	
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Consolidación dos elementos técnicos: solo – levantamento – pase de puño - pase co pé</li> <li>• Consolidación do xesto técnico de lanzamento a paus (co pé)</li> <li>• Consolidación do xogo de ataque 1 x1 , 2 x 2 e 3 x 3</li> </ul>		Materiais: Balóns de fútbol gaélico e conos.	
		Organización: - Fileiras - Grupos reducidos - Gran grupo.	
<b>FASE DE INFORMACIÓN:</b>			
Seguiremos aprofundando nos elementos básicos de xogo. Inicio ao xogo			
<b>QUECEMENTO:</b>			
1.1.- Quecemento xeral:			
1.2.- Nun espazo reducido (círculo ou cadrado) móvense os xogadores libremente, con varios balóns. Seguir as instrucións que se indican:			
<ul style="list-style-type: none"> <li>* Pasarse continuamente os balóns dispostos no espazo. O xogador con balón pode (ou debe) facer un solo antes de pasar a un compañeiro.</li> <li>* Balóns dispostos polo chan, levántalo, facer solo e deixalo de novo no chan para que o recolla outro compañeiro.</li> <li>* Chamar a un compañeiro e lanzar o balón verticalmente. O compañeiro debe saltar e coller o balón no aire.</li> </ul>			
1.3- En círculo amplo con 5-6 balóns, xogador con balón chama por un compañeiro e faille pase co pé			
<b>PARTE PRINCIPAL:</b>			
2.1 – En círculo, pase de puño a un compañeiro e ir a tocalo antes de que faga pase. Non se pode pasar aos xogadores que están xusto ao lado. O xogador que é tocado antes de pasar, o que se esquece de ir tocar despois do pase, o que fai un mal pase ou unha mala recepción, deben dar unha volta ao círculo como “castigo”. Unha vez dominen o exercicio, podemos introducir a blocaxe / intercepción do pase cando se vai tocar ao xogador.			
2.2.- Xogo do círculo. Dous equipos. No medio campo hai un círculo de 10 m de diámetro que contén no seu centro unha portería marcada por 2 postes ou conos. O obxectivo do xogo é marcar punto (pasar o balón entre os postes) pero só serán válidos os lanzamentos realizados desde fóra do círculo.			
2.3: Exercicio por tríos. Desde medio campo (na pista de balonmán) progresar con balón cara a portería (respectando as normas) e ao chegaren á área de 9 m, o xogador con balón fai un lanzamento a paus.			
- Inicialmente o exercicio faise sen defensores. Progresivamente, iremos incorporando unha oposición cada vez máis activa:			
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Despois de facer o ataque, o trío queda a defender o lanzamento da seguinte parella (sen saír da área de 9 m)</li> <li>- Despois de facer o ataque, o trío queda a defender á seguinte parella (sen usar os brazos)</li> </ul>			
- Despois de facer o ataque, o trío queda a defender á seguinte parella (defensa total)			
2.4 Xogo de fútbol gaélico na pista de balonmán, pero só se permite marcar puntos a paus, ben con golpeo de puños ou de pé. Pódense introducir diferentes puntuacións: Se se marca desde fóra da área de 9 m, o punto vale dobre.			
<b>VOLTA Á CALMA E REFLEXIÓN:</b>			
Rolda de alongamentos.			
<b>OBSERVACIÓNS:</b>			



Sesión nº: 8	U.D.: O fútbol gaélico	Curso: 2º ESO	Duración: 50 minutos
<b>CONTIDOS:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>Xeralización dos elementos técnicos básicos</li> <li>Xeralización dos elementos tácticos básicos: protexer balón – progresar con balón – procurar zona de anotación.</li> </ul>		Espazos: Pista polideportiva.	
		Materiais: Balóns de fútbol gaélico e conos.	
		Organización: <ul style="list-style-type: none"> <li>- Fileiras</li> <li>- Grupos reducidos</li> <li>- Gran grupo.</li> </ul>	
<b>FASE DE INFORMACIÓN:</b> Seguiremos aprofundando nos elementos básicos de xogo. Inicio ao xogo			
<b>QUECEMENTO:</b> 1.1.- Quecemento xeral: 1.2.- Nun espazo reducido (círculo ou cadrado) móvense os xogadores libremente, con varios balóns. Seguir as instrucións que se indican: <ul style="list-style-type: none"> <li>* Pasarse continuamente os balóns dispostos no espazo. O xogador con balón pode (ou debe) facer un solo antes de pasar a un compañeiro.</li> <li>* Balóns dispostos polo chan, levántalo, facer solo e deixalo de novo no chan para que o recolla outro compañeiro.</li> <li>* Chamar a un compañeiro e lanzar o balón verticalmente. O compañeiro debe saltar e coller o balón no aire.</li> </ul> 1.3- En círculo, pase de puño a un compañeiro e ir a tocalo antes de que faga pase. Non se pode pasar aos xogadores que están xusto ao lado. O xogador que é tocado antes de pasar, o que se esquece de ir tocar despois do pase, o que fai un mal pase ou unha mala recepción, deben dar unha volta ao círculo como "castigo". Unha vez dominen o exercicio, podemos introducir a blocaxe / intercepción do pase cando se vai tocar ao xogador.			
<b>PARTE PRINCIPAL:</b> 2.1 – Pelotazo por equipos. 3 equipos en xogo. Calquera pode coller o balón, colaborando cos membros do seu propio equipo para eliminar aos xogadores dos outros dous equipos. Para poder salvar a un compañeiro eliminado (pasándolle o balón) haberá que primeiramente eliminar a un xogador dos equipos contrarios. 2.2 - Xogo do círculo. Dous equipos. No medio campo hai un círculo de 10 m de diámetro que contén no seu centro unha portería marcada por 2 postes ou conos. O obxectivo do xogo é marcar punto (pasar o balón entre os postes) pero só serán válidos os lanzamentos realizados desde fóra do círculo. 2.3 – Xogo dos cadrados. Dentro do espazo de xogo, cada equipo ten 2 cadrados situados en diagonal, cada un nun extremo da pista. O obxectivo é facer un pase de pé ao compañeiro que estea no cadrado. Se recibe o balón, o compañeiro sae a iniciar o pase ao outro cadrado. O que fixo o pase, métese no cadrado. Dentro do cadrado non pode haber xogadores do equipo contrario. Cada vez que se pasa ao compañeiro con éxito, é un punto para o equipo. 2.4 Xogo de fútbol gaélico na pista de balonmán. Non se permiten as cargas de ombreiro. Flexibilidade ao arbitrar os pasos do xogador con balón. Variar o xeito de puntuación respecto ao xogo orixinal: tirar a paus vale 2 puntos e meter gol na portería vale 3 puntos.			
<b>VOLTA Á CALMA E REFLEXIÓN:</b> Rolda de alongamentos.			
<b>OBSERVACIÓNS:</b>			



## AVALIACIÓN

### Valoración dos estándares da unidade didáctica

ESTÁNDARES	INDICADORES DE LOGRO	% nota UDI	Instrumento
■ EFB1.2.1. Aмосa tolerancia e deportividade tanto no papel de participante como no de espectador/a.	Aмосa tolerancia e deportividade tanto no papel de participante como no de espectador/a.	1	<b>Rexistro Anecdótico</b>
■ EFB1.2.2. Colabora nas actividades grupais, respectando as achegas das demais persoas e as normas establecidas, e asumindo as súas responsabilidades para a consecución dos obxectivos.	Colabora nas actividades grupais, respectando as achegas das demais persoas e as normas establecidas,		<b>Rexistro Anecdótico</b>
■ EFB1.2.3. Respecta as demais persoas dentro do labor de equipo, con independencia do nivel de destreza.	Respecta aos demais con independencia do nivel de destreza.		<b>Rexistro Anecdótico</b>
■ EFB1.5.1. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para elaborar documentos dixitais propios adecuados á súa idade (texto, presentación, imaxe, vídeo, son, etc.), como resultado do proceso de procura, análise e selección de información salientable.	Prepara traballos relacionados con aspectos do fútbol gaélico	1	<b>Traballo / presentación</b>
■ EFB1.5.2. Expón e defende traballos elaborados sinxelos sobre temas viventes no contexto social, relacionados coa actividade física ou a corporalidade, utilizando recursos tecnolóxicos.	Presenta a parte do traballo que lle corresponde	1	<b>Traballo / presentación</b>
■ EFB4.1.1. Aplica os aspectos básicos das técnicas e habilidades específicas adaptadas, respectando as regras e as normas establecidas.	Pasa de xeito correcto e avanza co balón.	3	<b>Tests de habilidades</b>
■ EFB4.1.2. Autoavalía a súa execución de xeito básico con respecto ao modelo técnico formulado.	Lanza a porta con destreza		<b>Tests de habilidades</b>
■ EFB4.1.3. Describe a forma de realizar os movementos implicados nos modelos técnicos adaptados.	Explica aos compañeiros a forma de executar accións técnicas específicas (bloqueo, solo, pick up)		<b>Tests de habilidades</b>
■ EFB4.1.4. Mellora o seu nivel na execución e aplicación das accións técnicas respecto ao seu nivel de partida, amosando actitudes de esforzo e superación.	Mellora o seu nivel na execución e aplicación das accións técnicas respecto ao seu nivel de partida,		<b>Rexistro Anecdótico</b>
■ EFB4.2.1. Adapta os fundamentos técnicos e tácticos para obter vantaxe na práctica das actividades físico-deportivas de oposición ou de colaboración-oposición facilitadas.	Pon en práctica distintos procedementos tácticos vistos en clase (cruce, permuta)	2	<b>Observación xogo</b>
■ EFB4.2.2. Describe simplifadamente e pon en práctica de xeito autónomo aspectos de organización de ataque e de defensa nas actividades físico-deportivas de oposición ou de colaboración-oposición facilitadas.	Mantén a liña defensiva e colócase en profundidade en ataque.		<b>Observación do xogo</b>
■ EFB4.2.3. Discrimina os estímulos que cómpre ter en conta na toma de decisións nas situacións de colaboración, oposición e colaboración-oposición facilitadas, para obter vantaxe ou cumprir o obxectivo da acción.	Identifica os espazos que atacar e as zonas de superioridade.		<b>Observación do xogo</b>
■ EFB4.2.4. Reflexiona sobre as situacións facilitadas resultas valorando a oportunidade das solucións achegadas e a súa aplicabilidade a situacións similares.	Propón alternativas tácticas a xogadas acontecidas na clase	2	<b>Observación xogo</b>





# AVALIACIÓN

## Descrición dos instrumentos de avaliación

**Lista de control de hábitos hixiénicos:** Mediante esta listaxe levaremos un control sobre os hábitos hixiénicos dos nosos alumnos. Despois de cada sesión, ao saír do vestiario, os nosos alumnos deberán mostrar que mudaron a camiseta coa cal fixeron a práctica deportiva.

**Rexistro anecdotario:** Nesta ferramenta tomaremos rexistro de calquera falta de tolerancia ou respecto polas persoas, as normas ou os materiais e as instalacións. Calquera cousa que consideremos relevante sobre as capacidades e as habilidades dos nosos alumnos así como sobre a súa evolución, Tamén as actitudes de esforzo e o traballo diario dos nosos alumnos.

**Portfolio:** Con esta ferramenta recompilaremos os distintos traballos que lle mandamos realizar aos nosos alumnos (Visionado de documentais, partidos, busca de información sobre o All Ireland...).

**Probas de execución motriz:** Mediante unha lista de control tomaremos anotacións sobre as accións e as intencións que nos interesa observar nas probas de execución propostas.

ALUMNO	ELEMENTOS TÉCNICOS BÁSICOS			ATAQUE					DEFENSA		RESPECTA AS NORMAS	ARBITRAXE	NOTA
	PASE DE PUÑO	LEVANTA O BALÓN DO CHAN	SOLO	AVANZA CON BALÓN	BUSCA COMPAÑE IRO	PASA	APOIA	LANZA A PORTA	MARCA AO XOGADOR	ROUBA BALÓN			
	1 PTO.	1 PTO.	1 PTO.	0.75 PTOS.	0.75 PTOS.	0.75 PTOS.	0.75 PTOS.	0.75 PTOS.	0.75 PTOS	0.75 PTOS			
1.-													
2.-													
3.-													
4.-													
5.-													
6.-													
7.-													
8.-													
9.-													
10.-													

### Autoavaliación do alumno

Nome		Apelidos				
Curso						
		VALORACIÓN	4 PUNTOS	3 PUNTOS	2 PUNTOS	1 PUNTO
			SEMPRE	CASE SEMPRE	A VECES	CASE NUNCA
■ EFB1.2.1. Aмосa tolerancia e deportividade tanto no papel de participante como no de espectador/a.	Cando non gaño, non me sinto fracasado					
	Disfruto máis do xogo que do resultado					
■ EFB4.1.1. Aplica os aspectos básicos das técnicas e habilidades específicas adaptadas, respectando as regras e as normas establecidas.	Realizo as actividades o mellor que podoo					
	Cando teño dificultades sigo esforzándome					
■ EFB1.1.3. Prepara e pon en práctica actividades para a mellora das habilidades motoras en función das propias dificultades, baixo a dirección do/da docente.						
■ EFB1.2.2. Colabora nas actividades grupais, respectando as achegas das demais persoas e as normas establecidas, e asumindo as súas responsabilidades para a consecución dos obxectivos.	Son capaz de traballar cos diferentes compañeiros/as aínda que teñan menos nivel					
	Axudo na aprendizaxe aos meus compañeiros/as					
■ EFB1.2.3. Respecta as demais persoas dentro do labor de equipo, con independencia do nivel de destreza.						
		<b>TOTAL PUNTOS</b>				
Insuficiente: Debes mellorar a túa participación e implicación		MENOS DE 12 PUNTOS				
Suficiente: Non es constante no teu esforzo		DE 13 A 15 PUNTOS				
Ben: Esforzaste na túa aprendizaxe		DE 16 A 18 PUNTOS				
Notable: Esforzaste e axudas aos teus compañeiros/as		DE 19 A 21 PUNTOS				
Sobresaliente: Es un exemplo para os demais		DE 22 A 24 PUNTOS				